



Concello de Cerdido
As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



REGULAMENTO DO IV CONCURSO DE PINCHOS DE CERDIDO: “SABOREA CERDIDO”

1.- Obxecto do concurso:

O concurso “Saborea Cerdido” nace co obxectivo de dinamizar a hostalaría local ademais de dar a coñecer os nosos produtos e os locais hostaleiros do noso termo municipal. Esta iniciativa está organizada polo Concello de Cerdido, contando coa colaboración da totalidade dos locais hostaleiros de Cerdido e celebrarase durante o día 16 de novembro de 2024 de 11:00 a 15:00 e de 19:00 a 22:00 horas e o día 17 de novembro de 2024 11:00 a 15:00 horas.

2.- Participantes:

2.1.- Locais hostalería:

Dende o Concello de Cerdido foron convidados a participar tódolos locais hostaleiros do concello e aceptaron, polo que os locais participantes serán os seguintes:

- Bar Elvis (Campo da Igrexa, Os Casás)
- Mesón Froallo (Casavella, A Barqueira)
- Casa Ignacio (Felgosas, A Barqueira)
- El Rincón de Tania (Felgosas, A Barqueira)
- Casa Viuda (Porto, A Barqueira)

2.2.- Poboación:

Poderá participar toda a poboación de Cerdido e de outros lugares, sempre que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases.

3.- Modalidade de participación:

3.1.- Locais hostalería:

- Cada local participante so poderá participar cunha única modalidade de pincho, cuxo nome e ingredientes deberá comunicar ao concello, previamente ao inicio do concurso.
- Os pinchos deberán ser en formato pequeno (3 ou 4 bocados) e elaborados polo propio establecemento de xeito artesanal.



Concello de Cerdido
As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



3.2.- Poboación:

Para poder participar no concurso é obrigatorio facer polo menos unha consumición, que non sexa café, en cada un dos cinco locais participantes. En tódolos locais haberá tarxetas a disposición dos participantes. A tarxeta será persoal e as valoracións dos pinchos deberán ir anotadas nunha única tarxeta que, unha vez completada, será depositada nunha das urnas habilitadas ao efecto en calquera dos establecementos participantes. A tarxeta deberá ir cuberta co nome e apelidos da persoa, DNI e teléfono de contacto. Para que a tarxeta sexa tida en conta no recento deberá contar coa puntuación outorgada a cada un dos cinco petiscos e selada pola totalidade dos locais participantes, en caso contrario non se considerará válida e será descartada.

Na puntuación que cada consumidor outorgue aos pinchos deberá valorarse o sabor, a presentación, e tódalas cualidades que se consideren oportunas, xa que en base a esas puntuacións concederáse o premio ao mellor pincho.

Os locais participantes estarán obrigados a ofrecer o petisco só coa primeira consumición nos días e horarios do concurso, non téndose en conta o café como consumición con dereito a pincho.

4.- Prazo de presentación:

Os locais que desexen participar no concurso deberán cubrir unha instancia no modelo facilitado polo concello, no que deberá constar o nome do petisco, os ingredientes e unha fotografía, e presentala no rexistro do Concello de Cerdido antes do 12 de novembro de 2024.

5.- Premios:

5.1.- Premios para os locais participantes:

1º clasificado: 175€ + trofeo

2º clasificado: 150€

3º clasificado: 125€

4º clasificado: 100€

5º clasificado: 75€



Concello de Cerdido
As Felgas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



5.2.- Premios para a poboación participante:

As persoas participantes no concurso, que cubran e depositen a tarxeta de valoración, correctamente cuberta, entrarán nun sorteo de 3 premios que se realizará xuntando todas as papeletas participantes. O sorteo realizarase no local galardoado co mellor pincho do concurso na data que determine o concello e que será publicada nas redes sociais do concello. Tódolos participantes poderán optar a un dos 3 premios previstos consistentes nun vale/consumición en calquera dos locais participantes co seguinte importe:

1º premio: un vale de 40 €

2º premio: un vale de 30 €

3º premio: un vale de 25 €

6.- Constitución do xurado:

O Xurado estará integrado por 2 concelleiros/as do Concello de Cerdido e actuando como secretaria, M^a del Mar Caneiro Pérez, animadora sociocultural do Concello de Cerdido.

Procederase ao recuento dos votos nun acto público que terá lugar no salón de plenos da casa consistorial o día 20/11/2024 as 11:00 horas e unha vez finalizado o recuento por parte do xurado procederase a deixar constancia do resultado cun acta asinada por tódolos membros do xurado, que firmarán xunto coa secretaria.

Unha vez coñecido o resultado dos locais galardoados, os membros do xurado determinarán a data e hora da entrega de premios así como o lugar do sorteo público no que se elixirán as papeletas gañadoras dos 4 premios seleccionados entre tódalas papeletas participantes no concurso debidamente cubertas e seladas polos establecementos participantes. Do mesmo acto, así como dos resultados obtidos, o xurado deixará constancia asinando a correspondente acta, na que constarán os datos persoais das persoas gañadoras e os correspondentes premios cos que cada un deles foi afortunado.

7.- Fases do concurso:

7.1.- Presentación.

Antes do comezo do concurso, publicarase na páxina web do Concello de Cerdido e nas redes sociais a listaxe dos establecementos participantes, xunto coas bases e as características do concurso.

Distribuirase unha urna e tarxetas de valoración a cada un dos establecementos participantes.



Concello de Cerdido
As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



7.2.- Datos, horarios e votacións.

O concurso desenvolverase os días 16 e 17 de novembro de 2024.

O horario en que o pincho estará obrigatoriamente a disposición dos clientes será o día 16 de 11:00 a 15:00 e de 19:00 a 22:00 horas e o día 17 de novembro de 2022 11:00 a 15:00 horas, sempre respectando o horario de apertura e peche de cada establecemento e quedando a consideración de cada local se desexan ampliar este horario.

O pincho do concurso será gratuíto e non poderá ser servido ata que se teña solicitada a consumición obrigatoria no local.

Cada establecemento deberá selar ou asinar a tarxeta para confirmar que a persoa fixo a consumición no local.

7.3.- Selección do establecemento gañador.

O local gañador do mellor pincho do concurso será aquel que decida a poboación participante cos seus votos.

Convocarase a tódolos establecementos participantes ao acto de recuento de votos.

Solo serán válidas as tarxetas seladas e/ou asinadas por tódolos locais participantes.

O establecemento cuxo pincho reciba a maior puntuación será o galardoado co 1º premio do concurso.

7.4.- Entrega de premios.

A entrega de premios realizarase nun acto público en cada un dos locais galardoados. O sorteo dos agasallos entre a poboación participante no concurso realizarase igualmente nun acto público no local galardoado co 1º premio do concurso. En caso de que os gañadores non estean presentes no acto, notificaráselles por teléfono e de non ser posible contactar con eles realizarase un novo sorteo.

7.5.- Dereitos de imaxe.

As persoas premiadas ceden os seus dereitos de imaxe para que as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais relacionadas con este concurso poidan ser publicadas en calquera soporte divulgativo.

7.6.- Aceptación das bases.

A presentación e participación no concurso implica a aceptación das súas bases.



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



7.7.- Responsabilidade e información.

Para calquera dúbida relacionada co concurso, poderán dirixirse ao Concello de Cerdido, teléfono 981 411 000 ou por correo electrónico no seguinte enderezo: correo@cerdido.es